

X MINI MARATÓN

ORGANIZA



Sábado
5 de Xullo
2025

ARTABRO

...e ao remate, gran SARDIÑADA



COMEZO DAS CARREIRAS ÁS 17:30

Pequerrechos/as 150mts

Sub8 225 mts

Sub10 - Sub12 750mts

Sub14 1.450 mts

Sub16 2.900 mts

CARREIRA ABSOLUTA ÁS 19:00

Cuota inscrición 5 Euros

Senior - Master 1 - Master 2

5.900 mts

Información e inscricións en www.carreirasgalegas.com

Colaboran



C.I.R.S CERVÁS

CENTRO INSTRUTIVO RECREATIVO E SOCIAL DE CERVÁS

X MINI MARATÓN ÁRTABRO

Sábado, 5 de xullo de 2025

Comezo das carreiras: 17:30h

Regulamento da proba:

Punto 1

- A) A inscrición será libre, a inscrición na carreira a partir da categoría SUB 20 (inclusive) terá un coste de 5 € para cada participante e será gratuita para o resto dos corredores/as.
- B) Todo comportamento antideportivo será penalizado con descalificación.
- C) A organización establecerá os controis que estime necesarios.
- D) As reclamacións aos resultados oficiais deberán formularse verbalmente ao xuíz- árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.
- E) A organización farase cargo dos seguros da proba.
- F) A organización resérvase o dereito de solicitar a acreditación da idade dos participantes.
- G) Habrá premios de medallas para todos os participantes das categorías inferiores (ata sub16 , incluída). Os tres primeiros clasificados de cada categoría levarán unha medalla diferente conforme ao seu porto.. Os tres primeiros clasificados/as absolutos masculino e feminina recibirán asimesmo uns vales canxeables por material deportivo valorado en 100, 75 ou 50 Euros, segundo o posto acadado.
- H) O inicio da proba será ás cinco e media da tarde, finalizando esta ás vinte horas.
- I) A proba está incluída no Calendario Oficial da FGA
- k) A proba estará controlada polo “comité galego de xuices”

Punto 2

O croquis do percorrido farase público co anuncio da proba

O percorrido da proba Absoluta será mixto, de asfalto máis unha pista de terra de 800 metros aproximadamente(no circuito D) na parte final da proba.

O resto dos percorridos serán íntegramente por asfalto.

Punto 3

MEDIDAS DE SINALIZACIÓN DA PROBA E DISPOSITIVOS DE SEGURIDADE PREVISTOS:

- Contamos coa colaboración de Protección Civil do Concello de Ares.
- Tamén contamos con vinte colaboradores como personal auxiliar.
- A proba estará controlada por un Xuíz e persoal da Federación Galega de Atletismo.
- A Garda Civil de Tráfico/Policía local do Concello de Ares abrirá e pechará a proba, e controlará o tráfico e os principais cruces internos do percorrido.

- Contará a proba con dúas unidades móbiles de asistencia sanitaria, un médico e un ATS.
- Haberá vehículos de apoio na cabeza e cola da carreira.
- Todo personal auxiliar e de control da proba estarán identificados co distintivo da Organización.
- Os vehículos de apoio da prueba estarán identificados de igual modo.
- O itinerario sinalizarase con pintura no chan e carteis con puntos kilométricos.
- A circulación da proba será sempre pola dereita, afectando tanto aos camiños municipais, como á vía DP-0402

Punto 4

As inscricións pódense efectuar a través do sistema on-line na páxina da Federación Galega de Atletismo ou en www.carreirasgalegas.com, para máis información no correo cirsdecervas@gmail.com

O listado de inscritos/as será publicado na web da FGA e actualizada diariamente.

A inscrición pecharase o día 2 de xullo.

Todos os/as inscritos/as poderán consultarse na páxina web da FGA.

Punto 5

As categorías serán as seguintes:

CATEGORIAS	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIA	CROQUIS CIRCUÍTO	HORARIO
PEQUERRECHOS/AS	2020/2025	150 mts		17:30 h
SUB 8 M e F	2018/2019	225 mts	A	17:40 h
SUB 10 M e F	2016/2017	750 mts	B	17:45 h
SUB 12 M e F	2014/2015	750 mts	B	17:55 h
SUB 14 M e F	2012/2013	1450 mts	C	18:15 h
SUB 16 M e F	2010/2011	2900 mts	2 voltas ao C	18:35 h
SENIOR M e F	1991 ata 2009	5850 mts	2 voltas ao C e 1 volta ao D	19:00 h
MÁSTER 1 M e F	1975 ata 1990	5850 mts		19:00 h
MÁSTER 2 M e F	Antes de 1975	5850 mts		19:00 h

Punto 6

CIRCUITOS


CIRCUITO A



CIRCUITO B



CIRCUITO C



CIRCUITO C+D



Punto 7

Todos os participantes na carreira absoluta 5.850 mts levarán un chip nos dorsais que lles proporcionará a organización para o control da carreira.

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS:

A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta.

Os servizos médicos e o xuíz árbitro/a da competición están facultados para retirar da proba a calquera participante que manifieste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde lo mesmo.

A organización non se fará responsable de calquera tipo de dano material ou moral que se poida ocasionar como consecuencia da participación voluntaria neste evento. A inscrición implica ler, ter entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón:

Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidera derivarse á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados, voluntarios e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes dacordo coa Ley de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase dacordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probasen ruta. En calquera caso, e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso,

rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.